

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

Resolución do 8 de agosto de 2007 pola que se lle dá publicidade ás subvencións concedidas a entidades locais para a realización de actividades das oficinas municipais de información aos consumidores, no marco da Resolución do 16 de abril de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 80, do 25 de abril) pola que se convoca e regula a concesión de subvencións ás entidades locais para a realización de actividades relacionadas coas oficinas municipais de información aos consumidores (OMIC) para o ano 2007.

Na súa virtude, de acordo co establecido no artigo 21 das bases da citada convocatoria

RESOLVO:

Facer públicas as subvencións concedidas para a realización de actividades das oficinas municipais de información aos consumidores (OMIC) aos beneficiarios que se relacionan no anexo desta resolución e nas contías que se sinalan.

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2007

P.A. (Decreto 192/2005, do 23 de xuño)
M^a José Teijeiro Dacal
Xerente do Instituto Galego de Consumo

ANEXO

Beneficiarios das subvencións para a realización de actividades das oficinas municipais de información aos consumidores (OMIC)

Concellos beneficiarios	Subvención concedida
Abegondo	4.387 €
A Laracha	7.312 €
A Pobra do Caramiñal	4.387 €
As Pontes	4.387 €
Ares	7.312 €
Arteixo	6.580 €
Arzúa	5.849 €
Boiro	5.849 €
Camariñas	4.387 €
Carnota	5.849 €
Cee	4.387 €
Melide	1.000 €
Muros	7.312 €
Ortigueira	7.312 €
Padrón	7.312 €
Ribeira	6.580 €
Rois	1.180 €
Santa Comba	4.387 €
Vedra	4.387 €
Vimianzo	5.849 €
Burela	5.849 €
Chantada	5.849 €
Guitiriz	7.312 €
Monforte de Lemos	5.849 €
Sarria	4.387 €
Viveiro	5.849 €
O Barco de Valdeorras	5.849 €
O Carballiño	5.849 €
Ribadavia	5.849 €
Verín	4.387 €

Concellos beneficiarios	Subvención concedida
Xinzo de Limia	5.849 €
Baiona	4.387 €
Cambados	4.387 €
Cangas	4.387 €
Lalín	5.849 €
Mos	5.061 €
Ponteareas	5.849 €
O Porriño	5.849 €
Redondela	5.118 €
Salceda de Caselas	5.849 €
Sanxenxo	4.101 €
Silleda	4.387 €
Tui	4.387 €
Vilagarcía de Arousa	5.118 €
Vilanova de Arousa	4.387 €

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 10 de agosto de 2007 pola que se resolve definitivamente a convocatoria de concurso de méritos entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non-universitarios, para cubrir postos de profesorado en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 10 da orde desta consellería do 28 de marzo de 2007, DOG do 13 de abril, pola que se convocaba o concurso de méritos para postos de profesorado en prazas sometidas a convenio ou programas específicos por un período de dous anos e un máximo de seis, destinadas a funcionariado docente non-universitario, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Adxudicarlle as prazas obxecto desta convocatoria ao profesorado que se relaciona no anexo desta orde.

Segundo.-O profesorado seleccionado deberá incorporarse ás prazas obtidas o 1 de setembro do ano 2007, cesando no seu destino de procedencia o 31 de agosto do mesmo ano.

As prazas adxudicadas serano en comisión de servizos, por un período de dous anos e un máximo de seis e con reserva do posto de traballo de orixe, de acordo co disposto no punto 2º do artigo 3 do Decreto 244/1999, do 29 de xullo.

Terceiro.-Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións

públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade coa Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Convenio	Destino	Nome
1- Fundación Preescolar na Casa	1.1- Provincia da Coruña	Raquel Díaz Rejo
	1.2- Provincia de Lugo	Ana Isabel Santiso Gómez
2- Consellería de Sanidade	Hospital Psiquiátrico de Conxo en Santiago de C.	Consuelo García Álvarez
3- Coordinador de ASPANAES na provincia da Coruña	Provincia da Coruña	Mª Fernanda de Uña Piñeiro
4- Secretaría Xeral para o Deporte	Servizo Provincial Ourense	Xan Mariano
	Servizo Provincial Pontevedra	Trigo Recarey
	Servizo Provincial Lugo	Juan Luís
		Fernández Pérez
5- Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	Servizo Provincial A Coruña	Carlos Lorenzo López
	5.1- Centro Concepción Arenal-A Coruña	Georgina Beltrán Ortiz
6- Seminario Galego de Educación para a Paz	5.2- Centro Sto. Anxo de Rábade-Lugo (PT)	Monserat Villalba Vázquez
	Sede do Seminario Galego de Educación para a Paz	Carmen Carreira Varela
7- ONCE	7.1- Provincia da Coruña	Manuel Dios Diz
	7.2- Provincia de Ourense	Dolores Blanco Álvarez
8- Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	Servizo Galego da Igualdade. Santiago de C.	Juan Carlos Velo Fernández
		María Hermelo Iglesias

PARLAMENTO DE GALICIA

Acordo do 30 de xullo de 2007, da Mesa do Parlamento de Galicia, polo que se aproba a ampliación da oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia para o ano 2007.

De conformidade co disposto na disposición transitoria primeira do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, aprobado pola Mesa do Parlamento de Galicia na sesión que tivo lugar o 7 de febreiro de 1984, e no artigo 29 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, no que se establecen os criterios nos que debe enmarcarse a oferta de emprego público; unha vez analizadas as necesidades de persoal existentes na Administración do Parlamento de Galicia, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do 30 de xullo,

DISPÓN:

A ampliación da oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia para o ano

2007, constituída polas prazas vacantes dotadas orzamentariamente que a continuación se relacionan:

Persoal funcionario:

Acceso libre:

-Titulado superior (grupo A): 1 praza.

Promoción interna:

-Letrado (grupo A): 1 praza.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2007.

Dolores Villarino Santiago
Presidenta do Parlamento de Galicia

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resolución do 24 de xullo de 2007 pola que se convoca concurso de acceso a prazas de corpos de funcionarios docentes universitarios.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, reformada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, (en diante LOU), no Real decreto 774/2002, do 26 de xullo, polo que se regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos, modificado polo Real decreto 338/2005, do 1 de abril, (en diante RDH), e segundo o establecido no Decreto da Xunta de Galicia 28/2004, do 22 de xaneiro (DOG do 9 de febreiro), polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (no sucesivo EUSC).

Esta Reitoría, en exercicio das competencias atribuídas polos artigos 20 da LOU e 87 dos EUSC, conforme os acordos adoptados polo Consello de Goberno o día 10 de maio e o 20 de xuño de 2007, resolve convocar os correspondentes concursos de acceso ás prazas de corpos de funcionarios docentes universitarios que se relacionan no anexo I desta resolución, comunicadas no seu día á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria para os efectos de habilitación, con suxeición ás seguintes bases:

1. Normas xerais.

1.1. En aplicación da disposición transitoria primeira da Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, estes concursos rexeranse polo disposto nos artigos 62 e seguintes da Lei Orgánica 6/2001 de universidades e a súa normativa de desenvolvemento. Ademais, regularanse polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada parcialmente